

# CURSO XESTIÓN DE FONDOS FEADER.

Antonio López Miño..

# **AXUDAS PÚBLICAS E FONDOS COMUNITARIOS**

- ✓ **CONCEPTO DE AXUDA PÚBLICA.**
- ✓ **O PRINCIPIO DE INCOMPATIBILIDADE E AS SÚAS EXCEPCIÓNS.**

- **A metade das ganancias das granxas proveñen de axudas públicas**
  - 3/5/2010
- As explotacións cárnicas galegas dependen, en exceso, das subvencións públicas. O 50% dos ingresos netos das granxas proveñen das axudas derivadas da política agraria común. **400 euros por res.** Unha explotación media que no seu día tivese dereito á curmá por extensificación ao dispor de menos de 1,5 unidades de gando maior por hectárea pode chegar a cobrar ata 400 euros anuais por cada res. A esta cifra, que varía anualmente en función da curmá compensatoria que se reparte a partes iguais entre o total de solicitudes, hai que unir ademais diferentes cantidades de diñeiro que reciben as granxas polo engorde e sacrificio de tenreiros. Só este aspecto axuda a que as explotacións poidan seguir en activo, dado que as marxes que recibe o produtor por cada quilo de carne que pon no mercado son ínfimos.

- Todo o contrario sucede cos beneficios que obteñen os intermediarios que chegan a cuadruplicar o prezo ao gandeiro. Segundo os últimos datos do Observatorio de Prezos dos Alimentos do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino diferénciaa orixe-destino de alimentos como a carne de tenreira chegou a alcanzar, durante a pasada semana, diferenzas do 358%. Outro tanto pasa co porco, que pasou dos 1,4 euros de media que se cotizou por cada quilo en orixe, aos máis de 5,46 euros aos que se ofreceu ao consumidor final, o que supón unha marxe comercial superior ao 300%. No caso do cordeiro a diferenza é do 115%, pasando de 4,81 euros por quilo a máis de 10 euros. O pito fresco e o coello de granxa, pola súa banda, rexistran marxes de beneficio para os intermediarios do 92 e o 72%, respectivamente.
- Organizacións de produtores e sindicatos agrarios incidiron na necesidade de que as Administracións regulen este tipo de prácticas comerciais nas que o produtor é sempre a parte máis débil de toda a cadea. Ata se presentaron diversas iniciativas que perseguían que na etiquetaxe dos produtos reflectísense as diferenzas que se rexistraban entre o que percibía o produtor e o prezo de venda ao público.

# **O CONCEPTO DE AXUDA PÚBLICA.**

- 1. CONCEPTO.**
- 2. CARACTERES.**

- *Artículo 107*
- (antiguo artículo 87 TCE)
- 1. Salvo que los Tratados dispongan otra cosa, serán incompatibles con el mercado interior, en la
- medida en que afecten a los intercambios comerciales entre Estados miembros, las ayudas otorgadas
- por los Estados o mediante fondos estatales, bajo cualquier forma, que falseen o amenacen falsear la
- competencia, favoreciendo a determinadas empresas o producciones

# Concepto.

- O TFUE non establece un concepto de axuda de Estado.
- O artigo 107. 1 TFUE (art. 87.1 TCE) establece os caracteres das axudas de Estado incompatibles → aqueles mecanismos de apoio que reúnan tales caracteres son incompatibles co mercado común e están prohibidos.
- Por el contrario, son admisibles as axudas que incluíbles nalgunha das excepcións de compatibilidade previstas nos apartados 2 e 3 do art. 107.

# Caracteres

- Consonte ao disposto no artigo 1077 TCE unha medida estatal adquirirá a condición de axuda de Estado se reúne cinco requisitos; a saber:
- **1º.- Intervención de fondos estatais (orixe estatal dos fondos).**
- **2º.- Selectividade da medida**
- **3º.- Vantaxe competitiva para os interesados.**
- **4º.- Incidencia na competencia e no comercio intracomunitario.**
- **5º.- Falta de xustificación consonte ao propio artigo 1077 CE.**
- Así pois, estarán prohibidas conforme ao TCE ás disposicións de fondos acordadas polos Estados membros, que impliquen unha redución da carga financeira ou un incremento dos beneficios a favor de empresas ou sectores determinados sempre que os seus efectos se proxecten sobre o comercio entre os Estados – membros e non estea xustificada nos termos do art. 87 CE.



# Orixe estatal dos fondos

- 1º.- Concepto e extensión de “Estado”.
- 2º.- “Fondos públicos”.

## **Concepto e extensión de Estado.**

- A axuda deberá ser outorgada por un Estado membro
- A axuda pode concederse:
- A) directamente polas Administracións públicas territoriais de calquera nivel → Estado central, Comunidades Autónomas, entes locais:
- B) ou a través de organismos públicos ou privados creados para a súa administración ou distribución ou que simplemente teñan ao seu cargo fondos públicos.

- Se os fondos son públicos e proveñen do Estado, a natureza da institución que administre a axuda carece de importancia. “A prohibición do artigo 87.1 TCE engloba o conxunto de axudas outorgadas polos Estados ou por medio dos recursos do Estado, **sen que haxa lugar a distinguir entre o outorgamento directo polo Estado da axuda ou o outorgamento por organismos públicos ou privados que creou para xestionar a axuda**, de xeito que para a aplicación do artigo 87 son esencialmente os efectos da axuda para as empresas ou produtores beneficiarios os que ha lugar a tomar en consideración e non a situación dos organismos distribuidores ou xestores da axuda” (STXCE Steinicke & Weinlig; C-78/76).
- **“O Dereito comunitario non pode admitir que o mero feito de crear institucións autónomas encargadas da distribución de axudas permita eludir as normas relativas ás axudas de estado”** (STPI. Compagnie nationale Air France/Commission; T-358/94).

- A.- ORGANISMOS PÚBLICOS.

- Concepto amplo.

- *“Pertence ao sector público un establecemento constituído pola Lei dun estado membro como entidade especial **sometida á vixiancia e garantía da autoridade lexislativa, cuxas funcións se rexen por disposicións legais e regulamentarias e cuxo Director Xeral e demais directivos son nomeados, respectivamente, polo Xefe de Estado e polo Goberno de dito Estado membro, sin que o carácter público poida ser posto en tea de xuízo por elementos que atañen á organización interna do sector público, tales como a existencia de normas que garanten a independencia deste establecemento verbo doutros organismos públicos**”* (STXCE anterior).

- EMPRESAS PÚBLICAS.
- O pretendido automatismo entre aportación e axuda de Estado desaparece → atenderase á maior ou menor independencia da empresa pública á hora de tomar decisións:
  - Participación pública no capital.
  - Grao de integración na estrutura do sector público.
  - Obxecto da empresa pública máis/menos cercano aos servizos públicos.
  - Grao de competencia no sector → ‘Administración – cliente único’.
  - Sometemento ao Dereito público ou privado.
- ou calquera outro indicio da intervención das autoridades públicas no caso concreto de que se trate ou do improbable da súa falta de intervención na adopción da medida → non necesidade de orde expresa.

- C) EMPRESA PRIVADA CON PARTICIPACIÓN PÚBLICA.
- Cando a aportación económica é realizada por una empresa privada con participación estatal, a Comisión, respaldada polo Tribunal, emprega un criterio funcional: **se a decisión de outorgar a axuda foi tomada dende o Estado, será unha axuda pública.** En efecto, non é preciso que a intervención do Estado se articule nunha orde sr. Sensus, sinón que é suficiente con que a entidade que concede a axuda non puiden adoptar a decisión sen tomar en consideración as esixencias dos poderes públicos (STXCE Van der Kooy; C-67/85) .
- Abonda pois con que a directriz ou política da autoridade pública verbo da entidade privada que controla sexa “imperativa e posúa o mesmo efecto que unha orde” (STXCE Namur-Les Assurances du Credit/Office national du ducroire et État belge; C-44/93).

- **Fondos públicos.**

- Enténdese por “fondos públicos” aos efectos do art. 87.1 TCE *“tódolos medios económicos que o sector público pode efectivamente utilizar para apoiar ás empresas, independentemente de que tales medios pertenzan ou non de xeito permanente a dito sector”* (STPI *Compagnie nationale Air France/Comisión*; T-358/94). O feito de que *permanezan constantemente baixo control público e así pois dispoñibles para as autoridades nacionais* é suficiente para que tales cantidades sean consideradas como recursos públicos.
- Os recursos administrados por empresas públicas e dos organismos de dereito público son fondos estatais só cando os seus fondos están constantemente sometidos a control estatal e a disposición das autoridades competentes (Concl. UTECA, C-222/07).
- Cando as entidades intermedias gozan de *autonomía financeira fronte ao Estado, QUE NON INTERVÉN* verbo dos seus gastos, os seus recursos non son fondos estatais.

## Exemplos:

- Ley 25/1994: os operadores de televisión deberán destinar cada ano, como mínimo, o 5% da cifra total de ingresos do ano anterior, ao financiamento de cine para a TV.
- a fixación de prezos mínimos para certos produtos,
- as recalificacións urbanísticas,
- o reparto por lei dos ingresos dunha actividade entre as empresas que a realizan
- nin a omisión de actuar contra unha empresa infractora do medioambiente

# Selectividade da medida


- Unha axuda é selectiva cando beneficia a unhas empresas (ou produccions) e non a outras que, sin embargo, se atopan na mesma situación no territorio da Unión Europea.
- Se a empresa beneficiaria non ten competidores no territorio da autoridade outorgante (Estado, rexión...) pero sí en calquera outro Estado da UE, concorrerá o criterio da selectividade.
- A determinación do carácter selectivo da medida debe atender aos beneficiarios da mesma, que poden ser “concretas rexións”, “concretas empresas” ou “concretos sectores”.





- “**Empresa**” é, para o Dereito comunitario calquera entidade, pública ou privada, que participe no mercado, con independencia da forma de organización (sociedade mercantil, asociación, fundación...) ou da normativa interna pola que se rixa → **Inclúe organizacións sen ánimo de lucro. ¡¡¡¡OLLO!!!!.**  
→ Igrexa Católica.
- Clave: ACTIVIDADE ECONÓMICA: produción de bens e servizos no mercado.

- **Selectividade rexional: SSTXUE Azores, País Vasco, Gibraltar.**
- O ámbito de análise dunha medida fiscal adoptada por un ente autónomo é exclusivamente o territorio dese ente,
- sempre que dito ente dispoña de **competencia** para adoptar esta medida, con **independencia dos órganos do Estado central** e
- asuma as consecuencias de tal medida, de tal forma que os efectos financeiros da súa decisión **non poidan compensarse con axudas do Estado central ou doutras rexións.**
- En caso contrario, o ámbito de análise deberá ser o conxunto do Estado.
- **AUTONOMÍA POLÍTICA E ADMINISTRATIVA.**
- **INDEPENDENCIA DO ESTADO CENTRAL.**
- **NON COMPENSACIÓN POR OUTRAS VÍAS.**



- Non selectividade. Medidas fiscais de carácter xeral.
- **diríxense a tódalas empresas dun Estado de forma obxectiva** sen que o destinatario sexa identificable e aplicándose por igual en todo o territorio nacional. **Pretenden, pois, favorecer ao conxunto da economía nacional.**
- Reducción na base do Imposto de Sociedades do 50% sobre os ingresos procedentes de patentes, debuxos, modelos e know how (N 480/2007, España).
  - Sistema aberto a calquera empresa que cree activos intanxibles, independentemente da súa dimensión, estrutura xurídica e sector de actividade
  - O nº **potencial** de empresas beneficiarias e indefinido → aínda que algunhas empresas poidan beneficiarse máis que outras.
  - Medida xustificable pola **lóxica do sistema tributario español** → impedir o fraude e favorecer a inspección tributaria.

# Vantaxe económica.

- A medida, para ser consitutiva de axuda de Estado incompatible co mercado común deberá implicar unha vantaxe económica:
- 1. que a empresa non tería recibido seguindo o **“curso normal da súa actividade”** ,
- 2. **mellora económica** para a empresa: abrangue tanto a **obtención dun beneficio neto como a redución das cargas financeiras que ten que soportar**
- 3. que provoque –ou sexa susceptible de provocar– unha vantaxe competitiva:
  - a axuda está en condicións obxectivas de colocar ao beneficiario en mellor posición que os seus competidores no mercado xeográfico e de produto.
  - **A vantaxe competitiva irá dende incrementar a posición da beneficiaria no mercado como evitar a súa desaparición.**

- Para analizar a existencia de vantaxe económica:
  - 1) Market economy investor principle.
  - 2) Axuda de Estado vs. Compensación por servizo público.

- O método máis interesante para medir a vantaxe económica está constituído polos criterios:
- ***Market economy investor principle.***
- ***Market economy creditor principle.***
- ***Market economy lender principle.***
- ***Market economy guarantor principle.***
- ***A participación no capital social, o outorgamento dun crédito ou préstamo ou a garantía dunha débeda deben efectuarse EN CONDICIÓN DE MERCADO***

- **Market economy investor principle.**
- En caso de INVESTIMENTOS NO CAPITAL dunha sociedade.
- Para determinar se a adquisición de capital ten o carácter de axuda de Estado debe apreciarse se, en circunstancias similares, **un investidor privado dun tamaño comparable ao do investidor público puiden ser convencido para realizar unha operación de tal envergadura.**
- **Investidor privado:**
  - A) Maximización de beneficios.
  - B) Outros obxectivos: prestixio, cuota de mercado...
  - C) Búsqueda de rendibilidade a longo prazo



Debe atenderse:

1. Situación e perspectivas da empresa.
2. Análise completo dos seus custos e ingresos, presentes e futuros.
3. Contrapartida suficiente: dereitos políticos ou económicos.

Non → obxectivos sociais, de emprego ou de salvamento da empresa (sic).

Se a intervención dos poderes públicos é paralela á dos operadores privados, en condicións comparables → non existe axuda,

- Agás que a intervención privada fose posterior.

# Distorsión da competencia

- As axudas favorecen á empresa beneficiaria fronte ás súas competidoras.
  1. **Falseamento real ou potencial.** Non é necesario que a perturbación sexa efectiva, abonda con que exista a **posibilidade** de que ese falseamento se produza.
  2. Non é necesario a proba de que efectivamente se falseou a competencia co outorgamento da axuda. Bastará con que se **probe a existencia dunha ameaza seria** (risco potencial en termos da sentenza Costa/Enel) de que pode chegar a producirse.
  3. **Non se esixe un grao ou intensidade de falseamento** → “cando unha axuda financeira concedida por un Estado **reforza a posición dunha empresa en relación con outras competidoras** nos intercambios intracomunitarios, éstos últimos deben ser considerados como afectados pola axuda.”

# Incidencia nos intercambios intracomunitarios

- Para que concorra, abonda con que **a empresa beneficiaria opere nun sector no que existe comercio entre os Estados membros**.
- É dicir, é suficiente que existan intercambios comunitarios no sector ou produto beneficiado pola axuda.
- na **sentencia de 21 de xullo de 2005 (Administración do Estado e Xunta de Galicia; C-71/04)**:
  1. **ÁMBITO LOCAL OU REXIONAL DA ACTIVIDADE** → (sentencia Altmark, apartado 82).
  2. **ESCASA IMPORTANCIA DA AXUDA OU DO TAMAÑO DA EMPRESA** -> Además, **no existe un umbral o porcentaje** por debaixo del cual pueda considerarse que los intercambios comerciales entre Estados miembros no se ven afectados. **La cuantía relativamente reducida de una ayuda o el tamaño relativamente modesto de la empresa beneficiaria** no excluyen a priori la posibilidad de que se vean afectados los citados intercambios.

3. FORTE COMPETENCIA NO SECTOR → En particular, una ayuda de importancia relativamente escasa puede afectar a la competencia y a los intercambios entre Estados miembros cuando el sector en el que operan las empresas beneficiarias se caracteriza por una fuerte competencia
4. ELEVADO NÚMERO DE PYMES → Así, cuando un sector se caracteriza por un elevado número de pequeñas empresas, una ayuda, aun cuando sea modesta desde el punto de vista individual, pero potencialmente abierta a todas o a una gran parte de las empresas del sector
5. MERO REFORZAMIENTO → una ayuda refuerza la posición de una empresa en relación con otras empresas competidoras.
6. CAMBIO DAS REGRAS DE XOGO → Pues bien, cuando un Estado miembro concede una subvención pública a empresas de construcción o de transformación naval, la prestación de estos servicios por parte de dichas empresas puede mantenerse o aumentar, con la consecuencia de que disminuyen con ello las posibilidades de las empresas establecidas en otros Estados miembros de prestar sus servicios en ese sector de actividad en el mercado de dicho Estado miembro

- **Pero depende dos casos: N 257/07 – España. Programa de axudas destinadas á promoción teatral no País Vasco.**
- Non son axudas as subvencións ás empresas teatrais por:
  - NATUREZA DA ACTIVIDADE: produción teatral local (distinto a grandes producións, dirixidas a mercado nacional e incluso internacional, que atraen turistas doutros Estados membros).
  - AMBITO XEOGRÁFICO local e delimitado pola zona lingüística vasca → o uso da lingua vasca restrinxe o público potencial.
  - A atracción de espectadores ao teatro non superará os 50 km.
  - NON COMPETENCIA NO EXRANXEIRO. Produccións subvencionadas non se representarán fóra do País Vasco.
  - ESCASO IMPORTE DAS SUBVENCIONES.
  - PARTICIPACIÓN DOS BENEFICIARIOS NO CUSTO DOS PROXECTOS.

# Compensacións por servizo público

- Empresas encargadas da **xestión de servizos de interese económico xeral** (serv. públicos) + **monopolios fiscais** → non aplicación das normas sobre competencia do Tratado se imposibilita ou dificulta o cumprimento da súa función de interese xeral (art. 106.2 TFUE).
- Nestes casos, a intervención estatal debe considerarse unha **COMPENSACIÓN** ou contrapartida das prestacións realizadas polas empresas beneficiarias para o cumprimento das obrigas de servizo público, de xeito que estas empresas **non gozan dunha vantaxe financeira nin son situadas nunha posición competitiva máis favorable** respecto das empresas competidoras.
- Ao non existir vantaxe competitiva → **non se aplica o art. 107 TFUE** → non son axudas de Estado.
- Únicamente este beneficio cando se cumplan os 4 requisitos citados na STXUE *Altmark*.

- **Criterios Altmark.**

- As compensacións por servizo público non constitúen axudas estatais a tenor do disposto no artigo 87 TCE sempre que cumplan 4 criterios inseparables:
  - 1º.- A empresa beneficiaria debe estar efectivamente encargada da execución de obrigas de servizo público e estas deben estar claramente definidas.
    - Acto público formal de atribución do servizo público á empresa.
  - 2º.- Os parámetros para o cálculo da compensación deben establecerse previamente de forma obxectiva e transparente.
    - Criterio do custo real.

- 3º.- A compensación non pode exceder o necesario para cubrir total ou parcialmente os gastos do serv. Público, tendo en conta os ingresos correspondentes e un beneficio razoable.
- A compensación que exceda do necesario para cubrir os custos reais do serv. Público non é necesaria e constitúe unha axuda estatal incompatible que deberá reembolsarse ao Estado.
- 4º.- Cando a elección da empresa beneficiaria non se tivese realizado por un procedemento de contratación pública, a compensación deberá calcularse segundo o criterio da 'empresa media, ben xestionada e axeitadamente equipada en medios de transporte, para poder satisfacer as esixencias de servizo público requeridas'



- *Ley 4/2007, de 3 de abril, de transparencia de las relaciones financieras entre las Administraciones Públicas y las empresas públicas y de transparencia financiera de determinadas empresas.*
- - Monopolios e empresas de servicio público → **obliga de contabilidad** separada das compensacións e ingresos por outras actividades.

# AXUDAS “DE MINIMIS”

- Regulamento 1998/2006.
- Axudas que non constitúen axudas de estado prohibidas polo artigo 107.1 TFUE. → **NON NOTIFICACIÓN.**
- Importe e prazo da axuda: **200.000 €/ empresa / 3 anos (3 exercicios fiscais consecutivos).**
- Éxclusionés. Axudas á produción primaria de produtos agrícolas.
- Incluídas as axudas á transformación e comercialización dos produtos agrícolas, agás que:
  - i) o importe da axuda se determine en función do prezo ou da cantidade de ditos produtos adquiridos a produtores primarios o comercializados polas empresas interesadas,
  - ii) cando a axuda dependa de que se repercuta total ou parcialmente sobre os produtores primarios (agricultores);

# AXUDAS “DE MINIMIS”

- Acumulación con axudas do Marco temporal: a posteriori.
- Control: O Estado membro ten a responsabilidade de establecer os instrumentos necesarios para garantir un control efectivo do respecto do límite máximo de acumulación de diversas axudas de minimis. O Regulamento permite dous métodos:
  - A) Creación dun REXISTRO CENTRAL do Estado, con información de calquera autoridade (non obsta rexistros autonómicos que lle proporcionen información).
  - B) O Estado esixe á EMPRESA que lle proporcione información sobre outras axudas de minimis obtidas nos dous exercicios fiscais previos e no exercicio en curso → a responsabilidade ante a Comisión segue a recaer no Estado, non na empresa.

# O PRINCIPIO DE INCOMPATIBILIDADE DAS AXUDAS CO MERCADO COMÚN E AS SÚAS EXCEPCIÓNS.

- ART. 87.1 a). Axudas incompatibles.
- ART. 87. 2. Axudas compatibles *per se*.
- ART. 87. 3. Axudas ‘compatibilizables’: declarables compatibles pola Comisión.

## ART. 87. 2. Axudas compatibles *per se*.

- a) as axudas de carácter social concedidas aos consumidores individuais, sempre que se outorguen sen discriminacións baseadas na orixe dos produtos

1. Os beneficiarios finais son **consumidores**, non empresas.
  2. T-77/07.Comm. Vs Italia una subvención cuyos beneficiarios directos eran los usuarios finales, supuso una ventaja indirecta para los operadores del mercado de la televisión digital como Mediaset. El Tratado prohíbe las ayudas de Estado sin distinguir según que las ventajas relacionadas con las ayudas se concedan de manera directa o indirecta. Por otra parte, la jurisprudencia ha reconocido que una ventaja directamente concedida a determinadas personas físicas o jurídicas, que no son necesariamente empresas, puede constituir una ventaja indirecta y, por tanto, una ayuda de Estado para otras personas físicas o jurídicas que son empresas.
- 
1. A axuda deberá ter un **carácter social**; é dicir, que cubrirá tan só a certas categorías de beneficiarios (menores, discapacitados, persoas ou familias con escasos recursos, traballadores extracomunitarios,...). Acentúa o carácter social a gradación da axuda en función das características (recursos, discapacidade...) das persoas ou grupos.
  2. En determinadas circunstancias, **poderá abarcar á totalidade da poboación dunha rexión** (illas, zonas de difícil acceso...), dado que o carácter social da medida deriva da propia especialidade da situación (C 2007/6442, France).

4. **Os beneficiarios da axuda han de ter a oportunidade de elixir á empresas** (STXUE European Ferries Vizcaya, S.A.). Se a elección é feita pola Administración estarase ás normas sobre contratación pública (excepcional).
5. **Neutralidade tecnolóxica:** o parámetro para a axuda será o custo da solución menos onerosa e técnica­mente dispoñible (N 546/2006, France). T-77/07. Axudas a consumidores finais para adquisición de descodificadores:
6. *En primer lugar, el Tribunal confirma que la medida permitió a las emisoras digitales terrestres y a los operadores por cable, entre ellos Mediaset, disfrutar de una ventaja en relación con las emisoras vía satélite. En efecto, para tener derecho a la subvención era necesario comprar o alquilar un aparato que permitiera la recepción de las señales televisivas digitales terrestres, de modo que un consumidor que optara por un aparato que sólo permitiera la recepción de las señales por vía satélite no podía beneficiarse de ella. Por tanto, la subvención no respondía a la exigencia de neutralidad tecnológica. Además, la medida incitó a los consumidores a pasar del modo analógico al modo digital terrestre, a la vez que permitió a las emisoras digitales terrestres consolidar su posición en el mercado, en términos de imagen de marca y de fidelización de la clientela. La reducción automática de precio derivada de la subvención también pudo afectar a las elecciones de los consumidores atentos a los costes.*
4. Se a **axuda**, aínda de carácter social, **está vinculada a un produto distribuído exclusivamente pola empresa**, non cumpre a condición de compatibilidade imposta pola letra a) do apartado 2 do artigo 87 CE, que establece que a axuda deberá concederse sen discriminacións baseadas na orixe dos produtos (STXUE Confédération nationale de Crédit Mutuel, T-93/02).

- **b) as axudas destinadas a reparar os prexuízos causados por desastres naturais ou por outros acontecementos de carácter excepcional;**



1. Admisibilidade excepcional e pegada ao caso.
2. O TXUE insiste na discrecionalidade da Comisión á hora de valorar as circunstancias do caso e a existencia de axuda de Estado.
3. Os criterios seguidos pola Comisión son os seguintes:
  - a) O dano ten que ser substancial en atención á economía da rexión ou do Estado.
  - b) A axuda será proporcional aos danos; en ningún caso cabe 'sobrecompensación'.
  - c) Os danos deben de ser probados polas autoridades competentes. A certificación debe acreditar que os danos son 'consecuencia directa' do desastre.

# Art. 87. 3. Axudas que poden ser declaradas compatibles:

1. **A compatibilidade non existe per se, senón previa constatación pola Comisión** de que a medida:
  - a) non reúne tódolos elementos citados no apartado 1º do artigo 87,
  - b) resposta a algún dos criterios previstos no apartado 3º
  - c) e, no seu caso, aos sinalados nun Regulamento de exencións.
  
2. **Amplio poder de investigación da Comisión:** segundo unha jurisprudencia reiterada,
  - a) a Comisión disfruta dun amplo marxe de apreciación.
  - b) O xuíz comunitario non pode substituír a apreciación que dos feitos e circunstancias económicas complexos fixer a Comisión póla súa propia, pólo que
  - c) o control do Tribunal debe limitarse á comprobación do **respeto ás normas de procedemento e de motivación**, da **exactitude material dos feitos** así como da inexistencia de erro manifesto de apreciación e de **desviación de poder** (*S. Olimpiaki c. Comisión*, 12 de setembro de 2007).

- d) O TXUE non pode entrar a discutir o contido e dirección da Decisión da Comisión, agás que esta incurra nalgún dos vicios anteriores.
- e) A legalidade da Decisión depende da **información de que podía dispor a Comisión** → a información é proporcionada dende o Estado membro; se resulta insuficiente ou enganosa, non pode imputarse á Comisión a responsabilidade (S. *Société Régie Networks*, 22 de decembro de 2008).
- f) A liberdade da Comisión convirte en esencial a **legalidade do expediente de axudas dende o momento inicial**; en particular, dos seus elementos materiais (necesidade da axuda, concordancia co artigo 87.1 TCE), os cales non serán analisados polo TXUE. En caso contrario, a defensa tórnase moi difícil.
- g) - **A compatibilidade da axuda en base a un REGULAMENTO DE EXENCION** implica a adecuación aos criterios citados neste apartado, e precisados no Regulamento pertinente.

- **a) as axudas destinadas a favorecer o desenvolvemento económico de rexións nas que o nivel de vida sexa anormalmente Baixo ou nas que exista unha grave situación de subemprego;**
  
- **c) as axudas destinadas a facilitar o desenvolvemento de determinadas actividades ou de determinadas rexións económicas, sempre que non alteren as condicións dos intercâmbios em forma contaria ao interesse común;**

- - **Axudas rexionais. DIRECTRICES SOBRE AS AXUDAS DE ESTADO DE FINALIDADE REGIONAL PARA O PERÍODO 2007-2013 (2006/C 54/08).**
- - **Necesidade da axuda:**
- A necesidade é definida polo organismo solicitante da axuda en atención ás circunstancias do caso, e avaliada pola Comisión en atención aos criterios do artigo 87.3 TCE.
- A Comisión especificou e delimitou este criterio indicando que, para recoñecer que unha axuda é necesaria, *abonda con que se presentara a solicitude antes de que comezara a execución do proxecto.*

- - **Efecto incentivador:** a axuda debe destinarse a favorecer o desenvolvemento económico dunha rexión. ¿Cando se cumpre dito requisito?, ¿cando se presenta a solicitude? ou ¿debe acreditarse que os fondos serán suficientes para a mellora da situación económica da zona?.
- A data de presentación da solicitude indica a necesidade da axuda, sempre que sexa anterior ao comezo de execución do proxecto.
- *S. Kronoply c. Comisión*, 14 de xaneiro de 2009: para que se cumpla o criterio do efecto incentivador abonda con que se presentara a solicitude de axuda antes de que comezara a execución do proxecto.
- *Formalmente* → necesidade da axuda = efecto incentivador.

- *Materialmente:*
- Só cabe declarar unha axuda compatible co artigo 87 CE se a **Comisión comproba que a axuda contribúe á realización dun dos obxectivos citados, obxectivos que a empresa beneficiaria non podería acadar en condicións normais de mercado polos seus propios medios.** Noutros termos, non debe permitirse que os Estados membros aporten fondos que melloren a situación económica da empresa beneficiaria sen ser necesarios para acadar os obxectivos fixados polo artigo 87. 3º TCE.
- A axuda non pode ir máis alá do **estritamente necesario** para que poida acadar os obxectivos admitidos polo Tratado.
- Elementos: comprobación da Comisión – Criterios das Directrices - Efectividade da medida – Excepcionalidade verbo das condicións de mercado – Estrita necesidade.

- **As axudas destinadas a fomentar a realización dun proxecto importante de interese común europeo ou destinadas a pór remedio a unha grave perturbación da economía dun Estado**



- **Axudas destinadas a fomentar PROXECTOS IMPORTANTES DE INTERESE COMÚN EUROPEO.**
- - Abonda con que estean directamente implicados dous Estados membros.
  
- **Axudas por mor de GRAVES PERTURBACIÓNS á economía dun Estado membro.**
- - Realmente excepcionais. O exemplo paradigmático é o sistema de axudas ao sector financeiro provocado pola crise de 2008. (Comunicacións de 13 de outubro e 8 de decembro de 2008) → crise sistémica, que excede do propio sector e ameaza á economía da UE. Non ampliable aos demais sectores (p. Ex. automóbil) -> Permite garantía total de determinados créditos, prazo amplo (ate que remate a crise); a Comisión establece os principios de actuación, aproba os plans e revísaos cada 6 meses.

# “Marco temporal”

- Adoptado pola Comisión o 17 de decembro de 2008: introduce varias medidas temporais que permiten aos Estados membros contribuír a resolver as dificultades excepcionais das empresas e, en especial das PYME, para obter financiamento.
- Fundamentado no artigo 87.3 b) TCE (actual art. 107 .3.b) TFUE).

# “Marco temporal”. Condicións

- 1ª. Axudas unicamente a empresas que non estaban en crise o 1 de xullo de 2008. As que estiveran en crise antes de tal data deberán suxeitarse as Directrices específicas de empresas en crise.
- 2ª. Duración da medida: ata o 31 de decembro do 2010. ¿prórroga?: “en principio”: esperanza de que en tal data os mercados financeiros volvan á normalidade. Se non é así, poderán ser extendidas
- 3ª. **Axudas do marco temporal NON ACUGULABLES CON CON AXUDA DE MINIMIS:**
  - *o importe da axuda de minimis recibida despois do 1 de xaneiro (?) de 2008 deberá deducirse do importe da axuda concedida ao abeiro do marco temporal.*
  - *se a empresa xa recibiu a axuda de minimis antes da entrada en vigor do Marco temporal, a suma entre ámbalas dúas axudas non deberá superar os 500.000 € no período de vixencia do Marco.*
  - **Se unha empresa recibiu 200.000 € por minimis, solamente poderá recibir 300.000 €**

- 4ª. Si son acugulables con outras axudas compatibles, pero dentro das intensidades de axuda máxima indicadas nas Directrices ou nos Regulamentos de exención por categorías aplicables.
- 5ª. Importe: a tanto alzado **NON SUPERIOR A 500.000 € por empresa nun prazo de dous anos (1.1.2008-31.12.2010)**.
- 6ª. Só aplicable a REXÍMENES de axuda, non a axudas individuais.
- 7ª. EXCLUSIÓNS. Pesca + produción primaria de produtos agrícolas
- 8ª. NOTIFICACIÓN. Deben notificarse os rexímenes de axudas. Unha vez aprobados, as axudas individuais derivadas dos mesmos non precisan notificación.

- **d) as axudas destinadas a promover a cultura e a conservación do patrimonio, cando non alteren as condicións dos intercambios e da competencia na Comunidade en contra do interese común**

- - **Art. 87. d) vs. 87. c).** A Comisión goza de liberdade de apreciación para examinar as axudas ao abeiro do art. 87.3 c) ou d). Unha vez que a Comisión optou pola aplicación do apartado d), non cabe protesta de utilización do apartado c), sempre que a posición da Comisión sexa motivada (S. *SIDE c. Comisión*, 15 de abril de 2008).
- - **Compatibilidade das axudas ás empresas culturais** → aínda que reunisen os requisitos de presenza de fondos estatais, selectividade e vantaxe competitiva, en moitas ocasións as Decisións da Comisión declaran á axuda compatible debido á **limitación xeográfica, material ou estrutural da axuda: empresas pequenas – ámbito local – baixa audiencia ou influencia** – que “probablemente non alterarían os intercambios e a competencia na Comunidade de forma contraria ao interese común e, polo tanto, podería xustificarse unha excepción á prohibición de axudas”. (Decisión N° 359/92, 16 setembro 1992, Francia).

- **Axudas para a promoción e fomento da cultura e da lingua autóctona:**
- - A diversidade lingüística é un elemento fundamental da diversidade cultural (Convención UNESCO, 14º Considerando). A protección da lingua propia incardínase na protección da diversidade cultural, a cal é unha “característica de Europa e da cultura europea”(Conclusións C. *UTECA*).
- - Procedencia das axudas como instrumento para conservar e desenvolver as culturas e linguas da UE.
- - “Produto cultural” → Os criterios do contido e da calidade da produción non son necesarios para xustificar a axuda. (S. *Atzeni*, 23 de febreiro de 2006).
- Prelación entre candidatos conforme a ‘criterios verificables’ adoptados polo órgano competente → criterios obxectivos

- **Axudas ao sector audiovisual.**

- - *Comunicación da Comisión sobre determinados aspectos xurídicos vinculados ás obras cinematográficas e a outras producións do sector audiovisual, 26 de setembro de 2001.*
- - O fomento da produción audiovisual por parte dos Estados membros resulta esencial para garantir as posibilidades de expresión da cultura local.
- - Non vulneración das liberdades comunitarias fundamentais: os réximes de axudas non poden reservar as axudas aos nacionais dun país, exclusivamente; esixir que os beneficiarios sexan empresas nacionais; as empresas establecidas noutro Estado membro que actúen a través de sucursal ou oficina permanente deben poder recibir axudas.
- - Cumprimento do art. 87.3.c): produto cultural; intensidade máxima (50%)...



- **Axudas á Radiotelevisión pública.**
- - A radiotelevisión pública compite cos operadores privados no mesmo segmento de mercado. O financiamento público supón unha distorsión da competencia e unha perda de ingresos para as empresas privadas.
- A Comisión xustifica as axudas en varios factores: a) o cumprimento das obrigas de servizo público de interese xeral, definidas polo Estado membro; b) a radiotelevisión pública “promove a cultura, a diversidade de opinións, o debate democrático e a diversidade social” (Decisión N1175/08).

- **e) as demais categorías de axudas que determine o Consello por decisión, tomada por maioría cualificada, a proposta da Comisión.**